

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA A POSTA EN MARCHA DUN PROXECTO DE AVALIACIÓN, TESTAXE E MELLORA DE FERRAMENTAS DE AXUDA Á PLANIFICACIÓN DOS USOS AGROPECUARIOS E FORESTAIS

En Santiago de Compostela, 19 de xullo de 2023.

REUNIDOS

Dunha parte, D. José González Vázquez, conselleiro do Medio Rural, en virtude do seu nomeamento polo Decreto 60/2022, do 15 de maio, polo que se nomean os titulares das vicepresidencias e consellerías da Xunta de Galicia (DOG núm. 94, do 16 de maio), na súa condición de presidente, actuando en nome e representación da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural CIF Q1500273F, con domicilio na Barcia, estrada Santiago-Noia, km. 3, 15897, Santiago de Compostela, e no uso das facultades delegadas atribuídas no Acordo do Consello de Dirección da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural do 21 de xullo de 2021 (DOG núm. 148, do 4 de agosto).

D. Javier Ferreira Fernández, Xerente da Universidade de Santiago de Compostela, que actúa en nome e representación da mesma en virtude das facultades que ten atribuídas por Delegación de Competencias efectuada por Resolución Reitoral do 21 de abril de 2022 (DOG 26 de abril de 2022), con CIF Q15418001A e domicilio no Colexio de San Xerome, Praza do Obradoiro, s/n. CP 15782 Santiago de Compostela.

Ambas as partes recoñécense capacidade legal e xurídica suficiente para formalizar o presente convenio e, ao efecto,

EXPOÑEN

Primeiro.- Que ambas entidades son conscientes da necesidade de favorecer as condicións para a ordenación do territorio rural galego co fin de conseguir un



desenvolvemento económico e social sostible do medio rural, para o cal é necesario localizar os usos agropecuarios e forestais nos lugares óptimos desde o punto de vista da eficiencia económica e a sostibilidade ambiental.

Segundo.- Que a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural con CIF Q-1500273F, creouse pola disposición adicional sexta da Lei 5/2000, do 28 de decembro, de medidas fiscais e de réxime orzamentario e administrativo (DOG núm. 251, do 29 de decembro). Segundo o artigo 6 da Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia (DOG núm. 94, do 21 de maio), a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural é unha axencia pública autonómica, de conformidade coa Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, coa consideración de medio propio e servizo técnico da Comunidade Autónoma de Galicia, que actúa como instrumento básico na promoción e coordinación do desenvolvemento do territorio rural galego, co obxectivo de mellorar as condicións de vida dos seus habitantes e de evitar o seu despoboamento a través, entre outras, das medidas de recuperación da terra agroforestal de Galicia reguladas na citada Lei 11/2021.

Terceiro.- Que a Lei de recuperación da terra agraria recolle no seu artigo 25 a elaboración do catálogo de solos agropecuarios e forestais de Galicia, que representará o instrumento marco para a ordenación e xestión do desenvolvemento dos usos do solo sobre o territorio galego.

O catálogo clasificará a totalidade dos terreos agroforestais en agropecuarios ou forestais en función da súa aptitude produtiva actual e potencial a partir dunha análise de factores físicos, ambientais, estruturais e socioeconómicos.

Cuarta.- A Axencia Galega de Desenvolvemento Rural está a poñer en marcha os primeiros catálogos parciais de solos agropecuarios e forestais a distintas escalas territoriais (local, parroquial, municipal e comarcal), para o cal se teñen seleccionado zonas piloto de zonificación.

Con este obxectivo é necesario desenvolver e validar as metodoloxías máis axeitadas para cada escala territorial, así como dispoñer de ferramentas informáticas que faciliten a súa aplicación aos técnicos da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural.

Neste marco a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural quere acometer a posta en marcha deste convenio que poidan afectar a elementos do ámbito da mellora da calidade de vida da poboación que farán do medio rural un lugar máis atractivo e polo tanto favorecerán a fixación da poboación no campo galego e mesmo do tecido produtivo, ao



ser estas actuacións interesantes dende o punto de vista de posibilitar o acceso a servizos non existentes ata o de agora.

Quinto.- A Universidade de Santiago de Compostela (en adiante, USC) é una entidade de dereito público que desenvolve actividades de formación, investigación e desenvolvemento científico e tecnolóxico, sendo o desenvolvemento sustentable de Galicia un dos obxectivos aos que tales actividades se deben.

A través do Laboratorio do Territorio (GI-1934 TB), a USC ten experiencia en estudos relacionados coa ordenación e planificación sostible de terras e do territorio, participando na execución material de diversos proxectos relacionados e tendo desenvolto diversas metodoloxías e ferramentas de axuda á planificación de usos da terra agrícola e forestal. Unha destas ferramentas, é o programa informático OpenRules (Open Rural Land-use Exploration System), que consiste nun conxunto de módulos integrables no Sistema de Información Xeográfica (SIX) gvSIG, inscrito en data 10/09/2010 no Registro General de la Propiedad Intelectual con número de asento rexistral 03/2010/1397, número de solicitude SC-382-2010, título OpenRULES (OPEN Rural Land-Use Exploration System), obxecto de propiedade intelectual "programa de ordenador" e clase de obra "programa de ordenador".

OpenRules implementa varios algoritmos de avaliación da aptitude da terra e ordenación de usos agroforestais publicados en revistas científicas internacionais de impacto (indexadas no Journal Citation Reports), que teñen sido testados en procesos de planificación e ordenación de usos a nivel local dentro do marco da lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, empregándose para a ordenación do solo rústico nos Plans Xerais de Ordenación Municipal (PXOM) dos concellos de Guitiriz, Castroverde e Láncara.

A USC ten o obxectivo de continuar a mellora dos algoritmos de OpenRules e, en particular, a súa adecuación a outros procesos de planificación de usos da terra, cun interese enfocado á súa utilización a través de Sistemas de Información Xeográfica consolidados a nivel de usuario, facilitando así a súa implantación práctica.

Sexto.- Co fin de que o modelo de catálogo de solos agropecuarios e forestais de Galicia poida estar en pleno funcionamento a partir de 2024, a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, organismo que ten a competencia para desenvolver en Galicia instrumentos de ordenación e planificación dos terreos agroforestais e, en concreto, como responsable de promover os catálogos previstos na Lei 11/2021, estaría interesada en testar o programa OpenRules e levar a cabo o proceso de adecuación necesario para



que esta ferramenta dea resposta ás necesidades e aos requirimentos establecidos na Lei 11/2021 para os catálogos parciais de solos agropecuarios e forestais e para o Catálogo de solos agropecuarios e forestais de Galicia.

Sétimo. - Que, por unha banda, o programa OpenRules é propiedade intelectual da USC, inscrito en data 10/09/2010 no Registro General de la Propiedad Intelectual con número de asento rexistral 03/2010/1397 e número de solicitude SC-382-2010 e, por outra banda, é o persoal docente e investigador desta Universidade o que posúe os coñecementos necesarios para adoptar ou mellorar OpenRules coa finalidade de satisfacer os requirimentos da ordenación do terreo agroforestal regulada na Lei 11/2021, o que xustifica a necesidade de que sexa este organismo o que realice os desenvolvementos necesarios para que esta ferramenta informática poida ser aplicada por técnicos da Consellería do Medio Rural á elaboración dos catálogos de solos agropecuarios e forestais.

Tal e como se demostra nalgunha das publicacións científicas nas que se describen os algoritmos incorporados en OpenRules (Porta, J., et al. (2013); Santé, I., et al. (2016))¹, non existen outros programas informáticos que proporcionen as mesmas funcionalidades e fosen probados ou aplicados nunha zona de estudio de Galicia nin, polo tanto, adaptados ás súas características e especificidades territoriais.

Por outra banda, a USC está interesada en validar a aplicación práctica e real desta ferramenta no marco da Lei 11/2021 e dos instrumentos de recuperación da terra agraria, co fin de mellorar e ampliar as súas funcionalidades, contribuíndo deste xeito a un avance neste campo de coñecemento.

Tendo en conta o anteriormente exposto, os comparecentes subscriben o presente convenio de acordo coas seguintes:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto

¹ Porta, J., Parapar, J., Doallo, R., Rivera, F. F., Santé, I., Crecente, R. (2013). High performance genetic algorithm for land use planning ; *Computers, Environment and Urban Systems*; vol 37; pp. 45 - 58

Santé, I., Rivera, F. F., Crecente, R., Boullón, M., Suárez, M., Porta, J., Parapar, J., Doallo, R. (2016) A simulated annealing algorithm for zoning in planning using parallel computing"; *Computers, Environment and Urban Systems*; vol 59; pp. 95 - 106



O presente convenio ten por obxecto regular as condicións de colaboración entre a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural e a Universidade de Santiago de Compostela, para a posta en marcha do proxecto de avaliación, testaxe e mellora de ferramentas de axuda á planificación dos usos agropecuarios e forestais, sempre que se desenvolvan baixo os conceptos e condicións que se detallan no Anexo I (*Plan de traballo*).

SEGUNDA.- Descrición dos obxectivos

Esta colaboración vai dirixida a aplicar e mellorar a ferramenta informática OpenRules co fin de facilitar a súa aplicación á elaboración dos catálogos de solos agropecuarios e forestais promovidos pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural.

As actuacións a realizar no marco deste convenio deben estar encadradas nos conceptos e cumprir as condicións que se detallan no Anexo I (*Plan de traballo*). Esas actuacións deben ir dirixidas a cumprir, como mínimo, os seguintes obxectivos:

1. Actualización de OpenRules para adaptalo á tecnoloxía actual.
2. Testado e validación de dous catálogos parciais de solos agropecuarios e forestais
3. Mellora e extensión do alcance funcional dos algoritmos de OpenRules para adaptalo aos requirimentos da Lei 11/2021.

TERCEIRA.- Obrigas das partes

De acordo coa lexislación vixente, para esta actuación, as partes comprométense:

A Axencia Galega de Desenvolvemento Rural comprométese ao financiamento do gasto que establece a cláusula cuarta do presente convenio que sexa realizado pola USC de acordo as actuacións recollidas no Anexo I do Plan de traballo

Pola súa parte, a Universidade de Santiago de Compostela comprométese a:

- Realizar as actuacións recollidas no Anexo I (*Plan de traballo*) e efectuar os correspondentes gastos e pagos segundo o previsto no Anexo II (*Orzamento previsto*).
- Achegar os informes e documentos que acrediten o desenvolvemento das actividades do presente convenio, así como os informes e demais documentos requiridos pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural.



- Informar a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, cunha periodicidade cuatrimestral, da situación e evolución das actividades obxecto do presente convenio, remitindo unha memoria explicativa das actuacións desenvolvidas nese período. Esta memoria deberá acompañarse de todos os documentos (informes, códigos, mapas, cartografía dixital, etc.) que sexan resultado das actividades realizadas.
- Facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas respectivas funcións de fiscalización e control de destino das axudas concedidas e facilitar a inspección e control dos órganos da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural co fin de supervisar o cumprimento das actividades do convenio.
- Comunicar a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural a obtención de axudas para a mesma finalidade que a do presente convenio, procedentes de calquera outra Administración pública ou de entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, tan pronto se teña coñecemento destas, e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.
- Dar consentimento expreso a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural para incluír e facer público, nos rexistros regulados polo Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos de axudas, subvencións e convenios e sancións, os datos referidos ás axudas recibidas ao amparo do presente convenio.
- Seguir as normas sobre protección de datos, concretamente a Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais as normas que a desenvolven.

Outras obrigas: Comunicación e difusión

A USC deberá facer constar expresamente a colaboración prestada pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural en todas as actividades informativas ou de promoción en relación coas actuacións consideradas neste convenio e incorporar en todo o material e documentación de execución, información e publicidade das actividades do convenio o logotipo identificativo da Xunta de Galicia e da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural segundo as especificacións establecidas no Manual de Identidade Corporativa da Xunta de Galicia (<https://www.xunta.gal/identidade-corporativa/descarga-do-manual>).

CUARTA.- Orzamento e financiamento

- O gasto total das actuacións a desenvolver pola USC no marco deste convenio, de acordo co orzamento previsto no Anexo II, ascende a 100.000 € para o período dende a sinatura do mesmo ata de 1 de decembro de 2024.
- Para o desenvolvemento desas actuacións, a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural contribúe ao financiamento por un importe máximo de 100.000 euros.



- A achega da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural realizarase con cargo á aplicación orzamentaria que se indica a continuación, dos presupostos da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural para os anos 2023-2024:

Aplicación orzamentaria 14.A1.712A.640.4 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para os anos 2023-2024 código de proxecto 2021-00001.-" Ordenación de usos e planes integrais de xestión de terras agrarias".		TOTAL
2023	2024	Importe
35.000€	65.000€	100.000 €

Nos importes indicados entenderase incluído o IVE, sempre e cando este supoña un custo real soportado pola USC. Neste caso deberá presentarse un certificado relativo á situación da USC respecto o IVE.

QUINTA.- Réxime de pagamentos:

O importe de cada anualidade aboarase no momento da completa xustificación por parte da USC e logo da comprobación do cumprimento das condicións establecidas nas cláusulas do convenio.

SEXTA.- Réxime de garantías .

A realización dos pagamentos está exenta da constitución de garantías por parte das universidades.

SÉTIMA.- Gastos e conceptos

Os importes serán aboados trala presentación da documentación xustificativa da realización das actuacións financiadas presentada no prazo e coas condicións indicadas na presente cláusula, e logo da emisión dos correspondentes informes técnicos favorables por parte da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, a cal poderá recorrer se o considera necesario, ao apoio de expertos externos.

Os gastos que, sen admitir dúbida, deben de responder á natureza da actividade e se realicen no período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2023 e as datas límite de xustificación establecidas no presente convenio.



Ao abeiro do presente convenio considéranse actuacións obxecto de financiación os investimentos e gastos realizados pola USC que estean encadrados nos conceptos e cumpran as condicións que se detallan no Anexo I (*Plan de traballo*).

Os conceptos a financiar no marco deste convenio son os que se relacionan a continuación:

- a. **Custos de persoal** na parte que corresponda ao tempo dedicado ao desenvolvemento das actividades do convenio. Dentro dos custos de persoal poderá incluírse persoal de nova contratación para a realización das actividades previstas no convenio.
- b. **Gastos xerais** do persoal que participa no desenvolvemento das actividades do convenio, por un importe máximo que non poderá superar o 10% dos custos totais de persoal.

Á petición da USC e previo informe favorable da Comisión de seguimento, a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural poderá autorizar modificacións na distribución do gasto entre conceptos de gasto que supoñan minoracións nalgún deles superiores ao 20% das previsións. Estas minoracións incrementarán as dotacións doutros conceptos de gasto.

OITAVA.- Forma de xustificación

A USC xustificará ante a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural a realización das actuacións recollidas no Anexo I (*Plan de traballo*) por un importe total previsto de 100.000 € (detallado no Anexo II) da seguinte forma:

Anualidade	Importe máximo	Período de realización de gastos e pagamentos	Data límite de presentación de documentación xustificativa
1	35.000 €	01/01/2023 a 01/12/2023	20/12/2023
2	65.000 €	02/12/2023 a 01/12/2024	20/12/2024



Se, transcorrido o prazo establecido para a xustificación, a USC non presenta a documentación pertinente segundo o indicado no presente convenio, a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural a requirirá para que no prazo improrrogable de dez días a presente. A falta de presentación da xustificación nos prazos establecidos nesta cláusula comportará a perda do dereito ao cobramento total ou parcial demais responsabilidades establecidas na Lei. A presentación da xustificación no prazo adicional establecido non eximirá á USC das sancións que, conforme á lei, correspondan.

A xustificación dos gastos realizados na execución das actividades do convenio realizarase mediante a achega dunha conta xustificativa, consistente en:

- **Memoria técnica** xustificativa de cumprimento das condicións establecidas no convenio, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos. Deberán incorporarse todos os documentos (informes, códigos, mapas, cartografía dixital, etc.) que sexan resultado das actividades realizadas.
- **Memoria económica** xustificativa do custo das actividades realizadas que conterà:
 1. Certificación dos custos de persoal emitida polo responsable de recursos humanos co visto e prace do responsable da entidade, consistente nunha relación detallada por meses do persoal dedicado ás actividades obxecto do convenio, que deberá incluír os seguintes datos: DNI, nome, apelidos, posto na entidade, retribución bruta e líquida mensual, data de pagamento das retribucións, importe da Seguridade Social con cargo á entidade, data de pagamento da Seguridade Social e custo total imputado (retribucións e seguridade social) segundo a dedicación de cada traballador ás actividades do convenio.
 2. Copia das nóminas do persoal dedicado ás actividades do convenio e orixinal ou copia compulsada dos xustificantes bancarios do seu pagamento. Nos xustificantes de pagamento das nóminas deberán vir detallados os seus receptores, así como as cantidades percibidas por cada un deles. Cando a documentación xustificativa deste gasto conste dun xustificante bancario da remesa total mensual, deberá achegarse a comprobación da existencia de dita remesa.
 3. Boletíns de cotización á Seguridade Social e os seus xustificantes de pagamento (orixinal ou copia compulsada).
 4. Ademais, no caso de persoal de nova contratación para as actividades do convenio deberá achegarse orixinal ou copia compulsada do contrato de traballo no que se poida verificar a dedicación do 100% a esas actividades.
 5. Certificacións que acrediten que se encontra ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias coa AEAT e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia. A presentación das citadas certificacións pode substituírse por unha autorización para que a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural realice as consultas de



comprobación ante a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

6. A Axencia Galega de Desenvolvemento Rural resérvase o dereito de solicitar toda a documentación que considere precisa en relación coa xustificación do cumprimento do obxecto do convenio.

NOVENA.- Compromisos da USC previos á sinatura do convenio

Presentar a seguinte documentación:

- Certificacións que acrediten que se encontra ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias coa AEAT e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia. A presentación das citadas certificacións pode substituírse por unha autorización para que a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural realice as consultas de comprobación ante a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

DÉCIMA.- Alteración das actuacións

Toda alteración nas accións a realizar deberá ser obxecto de autorización pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural e formalizarse mediante a correspondente addenda ao presente convenio.

Segundo as previsións do artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, relativo á contratación sustentable, os convenios subscritos pola Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico poderán ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira. Ditas modificacións terán por obxecto a redución do volume das obrigas ou a ampliación do seu prazo de execución.

DÉCIMO PRIMEIRA.- Comisión de seguimento e evolución.

Para garantir a correcta execución e seguimento do pactado neste convenio, constituirase unha Comisión de Seguimento e Coordinación integrada por dous representantes da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural e dous representantes da USC, designados para tal efecto por cada parte.



Son funcións da Comisión as seguintes:

1. Realizar o seguimento das actuacións do Convenio. Para garantir un correcto seguimento, a Comisión celebrará unha reunión cuatrimestral na que se analizará o desenvolvemento das actividades recollidas no Anexo I (*Plan de traballo*).
2. Propoñer a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural variacións entre os diferentes conceptos de gasto recollidos no presuposto para adecualos á execución das actuacións previstas, sempre e cando non supoñan un incremento do importe establecido nin modifiquen os importes e condicións de xustificación.
3. Informar, á petición da USC, as modificacións na distribución do gasto entre conceptos de gasto que supoñan minoracións nalgún deles superiores ao 20% das previsións. Estas minoracións incrementarán as dotacións doutros conceptos de gasto, se superar en todo caso o importe máximo previsto para cada un dos conceptos de gasto.
4. Propoñer solucións aos conflitos que puidesen xurdir na aplicación e interpretación das cláusulas.
5. As que sexan precisas para garantir a correcta execución do convenio.

Ademais das reunións cuatrimestrais sinaladas, a Comisión poderá reunirse as veces que sexan precisas por solicitude de calquera das partes asinantes.

Esta Comisión rexerese en canto a súa constitución, funcionamento e adopción de acordos pola normativa vixente en materia de órganos colexiados regulada na sección 3ª do capítulo primeiro do título I da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

DÉCIMO SEGUNDA.- PROPIEDAD INTELECTUAL

A propiedade intelectual dos traballos resultantes será compartida polas partes asinantes deste convenio, que se comprometen a empregala dentro dos fins que lles son propios

DÉCIMO TERCEIRA.- Compromiso de participación das mulleres.

Mediante o presente convenio as partes asinantes asumen un compromiso de fomento da participación das mulleres tanto no seu ámbito de actuación como nos seus órganos de decisión.

DÉCIMO CUARTA.- Causas de resolución

Serán causas de resolución do convenio, procedendo ao reintegro total ou parcial da axuda percibida e dos xuros de demora correspondentes dende o momento do pagamento ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, as determinadas no artigo 51 da Lei 40/2015:



- A denuncia de calquera das partes, debendo, se é o caso, ser indemnizados os compromisos económicos orixinados até o momento da denuncia, á parte contraria.
- O incumprimento das cláusulas do Convenio e/ou as imposibilidades do seu desenvolvemento.
- Mutuo acordo das partes.

Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte incumplidora un requirimento para que cumpra nun determinado prazo coas obrigacións ou compromisos que se consideran incumpridos. Este requirimento será comunicado ao responsable do mecanismo de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e ás demais partes asinantes. Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistise o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará ás partes asinantes a concorrencia da causa de resolución e entenderase resolvido o convenio.

A resolución do convenio por esta causa poderá conlevar a indemnización dos prexuízos causados se así se previu.

- Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
- Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.

DÉCIMO QUINTA.- Publicidade e rexistro de convenios, transparencia e bo goberno

A USC consente expresamente o tratamento necesario dos datos relevantes deste convenio e a súa publicación na páxina web da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural e no Diario Oficial de Galicia.

Do mesmo modo, de acordo co establecido na disposición adicional primeira do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, de creación dos rexistros de axudas, subvencións e convenios e de sancións da Xunta de Galicia, consente expresamente a inclusión e publicidade dos datos relevantes referidos, no citado rexistro.

A sinatura deste convenio suporá o consentimento expreso por parte da USC para que a Administración galega inclúa e faga públicos os datos referidos ao presente convenio, de conformidade co artigo 5 da Lei 1/2016, de transparencia e bo goberno, relativo aos deberes específicos en materia de información sobre convenios, e co disposto no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia.



DÉCIMO SEXTA.- Inexistencia de relación laboral

A subscripción do presente convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que vaian desenvolver as actividades deste e a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, de maneira que non se lles poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento deste.

DÉCIMO SÉTIMA.- Vixencia

O presente convenio está en vigor dende o momento da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2024 sen prexuízo de que as actividades sexan as executadas a partires do 1 de xaneiro de 2023 e de poder ser prorrogado unánimemente polas partes, ata un período de catro anos ou a súa extinción.

DÉCIMO OITAVA.- Natureza xurídica e resolución de conflitos.

Este convenio terá carácter administrativo, rexéndose polas súas propias cláusulas e suplementariamente, polas normas xerais do dereito administrativo.

Será de aplicación os artigos 47 a 53 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Este convenio ten natureza administrativa. A xurisdición contencioso-administrativa será a competente para o coñecemento de posibles cuestións litixiosas que poidan suscitarse como consecuencia del.

DÉCIMO NOVENA.- Notificación electrónica

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notific@, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder



a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica).

Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

Este convenio obriga ás partes que o asinan ao seu cumprimento, e ambas as dúas sométense ao acordado en tódalas estipulacións.

E en proba de conformidade, asíñase o presente convenio no lugar e data arriba indicados.

Por delegación do Consello de
Dirección do 21.07.2021
O Presidente da Axencia Galega de
Desenvolvemento Rural

José González Vázquez

Por Delegación de Competencias
Resolución Reitoral 21/04/2022
(DOG 26/04/2022)
O Xerente da Universidade de
Santiago de Compostela

Javier Ferreira Fernández



ANEXO I

PLAN DE TRABALLO

A USC e a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural colaborarán no desenvolvemento das seguintes actividades:

1. Actividade 1: Actualización de OpenRules.

Esta tarefa será realizada de xeito integral pola USC.

Esta actividade migrará e adaptará OpenRules a unha versión actual do Sistema de Información Xeográfica QGIS. Ademais integrará os seus 11 algoritmos na interface gráfica do devandito software de escritorio, posibilitando así unha utilización máis amigable por parte dos técnicos da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural. En concreto, as tarefas que se contemplan son as seguintes:

- Migrar os once algoritmos dos tres módulos de OpenRules (de avaliación, optimización e asignación) ao entorno de programación de QGIS, programándoos na linguaxe Python.
- Desenvolver as novas funcións e operadores de interface gráfica en QGIS que integren e permitan utilizar os algoritmos de OpenRules nunha versión actual de escritorio de QGIS
- Realizar as probas de funcionamento pertinentes
- Elaborar un manual de usuario de OpenRules no entorno gráfico de QGIS

2. Actividade 2: Proxectos piloto: utilización de OpenRules para a o testado e validación de dous catálogos parciais de solos agropecuarios e forestais

Esta actividade será liderada pola USC en colaboración coa Axencia Galega de Desenvolvemento Rural.

OpenRules aplicarase ao testado e validación de dous catálogos parciais de solos agropecuarios e forestais segundo o previsto no Artigo 25 da Lei de recuperación da terra agraria de Galicia. Cada un dos catálogos desenvolverase a dúas escalas territoriais diferentes: un a escala parroquial e outro a escala comarcal.

2.1. Catálogo parcial de solos agropecuarios e forestais da parroquia de Santaia-Foxado no concello de Curtis.



Este catálogo forma parte do proxecto de polígono agroforestal que se levará a cabo neste ámbito territorial. Os polígonos agroforestais son instrumentos regulados na lei 11/2021 para a recuperación e posta en produción de terras de boa capacidade produtiva, que se encontren en estado de abandono ou infrautilización ou sexan susceptibles de optimización, coa finalidade de constituír áreas de explotación que garantan a súa rendibilidade.

Esta subactividade do plan de traballo permitirá testar e validar os resultados do catálogo ao tempo que se compara cos resultados proporcionados por OpenRules para a elaboración de catálogos parciais a escala municipal ou inframunicipal, necesarios para a elaboración e tramitación dos instrumentos de recuperación da terra agraria regulados na lei 11/2021.

Prevense as seguintes tarefas:

- Recompilación das capas de información xeográfica necesarias para o funcionamento dos once algoritmos de OpenRules. Esta tarefa será realizada pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural.
- Validación xeométrica das capas de información xeográfica. Esta tarefa será realizada pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural co apoio da USC
- Desenvolvemento da base de datos do SIX en QGIS. Esta tarefa será realizada pola USC
- Determinación dos valores dos diferentes parámetros e variables de entrada dos algoritmos de OpenRules. Esta tarefa será realizada conxuntamente pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural e a USC
- Definición do marco de articulación de OpenRules no procedemento xeral de elaboración dos catálogos de usos, en particular da secuencia de fases e da interacción entre as saídas dos algoritmos e o criterio experto e/ou a participación pública. Esta tarefa será realizada conxuntamente pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural e a USC
- Aplicación dos algoritmos de OpenRules á zona parroquia obxectivo. Esta tarefa será realizada pola USC
- Avaliación dos resultados e da efectividade de OpenRules como ferramenta de axuda á decisión na elaboración dos catálogos de solos a escala parroquial e inframunicipal. Esta tarefa será realizada conxuntamente pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural e a USC

2.2. Catálogo parcial de solos agropecuarios e forestais da comarca suroriental de Ourense.



A Consellería do Medio Rural está a desenvolver o Plan integral de recuperación, dinamización e valorización integral da área suroriental de Ourense, que ten como obxectivo a planificación integral do territorio rural de esta comarca, prestando especial atención á posta en produción de terra agraria abandonada e a promoción da actividade turística. A base desta planificación é a ordenación do territorio rural a través da figura dos catálogos de solos agropecuarios e forestais, establecidos na lei 11/2021 como o instrumento de referencia para a ordenación e xestión dos usos do solo rural.

Esta subactividade permitirá testar e validar a metodoloxía axeitada para a elaboración do Catálogo de solos agropecuarios e forestais de Galicia, así como dos resultados e das funcionalidades proporcionadas por OpenRules para este fin.

Prevense as seguintes tarefas:

- Recompilación das capas de información xeográfica necesarias para o funcionamento dos once algoritmos de OpenRules. Esta tarefa será realizada pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural
- Validación xeométrica das capas de información xeográfica. Esta tarefa será realizada pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural co apoio da USC
- Desenvolvemento da base de datos do SIX en QGIS. Esta tarefa será realizada pola USC
- Determinación dos valores dos diferentes parámetros e variables de entrada dos algoritmos de OpenRules. Esta tarefa será realizada conxuntamente pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural e a USC.
- Definición do marco de articulación de OpenRules no procedemento xeral de elaboración dos catálogos de usos, en particular da secuencia de fases e da interacción entre as saídas dos algoritmos e o criterio experto e/ou a participación pública. Esta tarefa será realizada conxuntamente pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural e a USC
- Aplicación dos algoritmos de OpenRules á zona parroquia obxectivo. Esta tarefa será realizada pola USC
- Avaliación dos resultados e da efectividade de OpenRules como ferramenta de axuda á decisión na elaboración dos catálogos de solos a escala comarcal ou supracomarcal. Esta tarefa será realizada conxuntamente pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural e a USC

3. Mellora e extensión de OpenRules.

Esta tarefa será liderada pola USC co apoio da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural



A Actividade 3 permitirá avanzar na mellora e ampliación do alcance funcional dos algoritmos de OpenRules, en particular nos módulos de avaliación e asignación de usos. En concreto, a Actividade 3 avanzará na incorporación, nos mapas de ordenación de usos agroforestais, dos elementos máis relevantes da infraestrutura verde.

Esta actividade executarase a través das seguintes tarefas:

- Definición dos elementos da infraestrutura verde a incorporar e dos parámetros de integración no módulo de optimización de OpenRules
- Selección da técnica ou técnica(s) do módulo de optimización e de asignación máis axeitadas para dita integración
- Adaptación prototipo dos algoritmos correspondentes ás técnicas seleccionadas



ANEXO II

ORZAMENTO PREVISTO

Anualidade	Custes persoal	Gastos xerais	Total
2023	33.750 €	3.750 €	37.500 €
2024	56.250 €	6.250 €	62.500 €